



Antonio Fraguas Fraguas



Biografía

Día das letras galegas 2019

A INFANCIA



Antonio Fraguas Fraguas naceu no lugar de Insuela, na parroquia de Loureiro, concello de Cotobade, en Pontevedra, o 28 de decembro de 1905. Era fillo de Manuel Fraguas Rodríguez, un canteiro que emigrara a Brasil, que nese tempo traballaba na construción de vías férreas, e de Teresa Fraguas Vázquez. Cando Manuel volve da emigración Antonio, o seu fillo, ten xa oito anos.

Os primeiros estudos vains realizar na escola pública da parroquia, no lugar da Costa, e posteriormente nunha escola «de pago» no lugar de Famelga, tamén no concello de Cotobade.

A idea dos pais era levar a Antonio a Brasil e que alí aprendese o oficio de maquinista de ferrocarril pero, grazas aos consellos do mestre, mándano a Pontevedra a estudar o bacharelato no Instituto Xeral e Técnico. Tiña só 13 anos de idade.

Neste instituto entrará en contacto con algúns profesores que no futuro serán compañeiros seus no Seminario de Estudos Galegos: Sobrino, Castelao e Losada Diéguez.

«Eu ía a clase de Debuxo. O catedrático enfermou e foi entón a substituílo Castelao. Dende entón este Antonio Fraguas foi un amigo de Castelao.

Castelao pasaba:


-Ola, Fraguas. Que tal? Que, como vai iso?

Eu confeso que como Castelao tiña debuxado e todo iso, para min este saúdo era colosal.»



ANTONIO FRAGUAS, CANDO AÍNDA NON CUMPRIRA UN ANO, DA MAN DA SÚA NAI E DO SEU TÍO.

FONDO MUSEO DO POBO GALEGO



EN «A FESTA POPULAR EN GALICIA» ANTONIO EXPLICA A ORIXE E CELEBRACIÓN DAS NOSAS FESTAS.


A SOCIEDADE DA LINGUA



Houbo, segundo confesión do mesmo Antonio, un feito que marcou moi fondamente o seu futuro e este feito non foi outro que a adquisición de dous libros de segunda man: «Compendio de Geografía Especial de España» e «Compendio de Geografía General y de Europa», da autoría do profesor de instituto pontevedrés José Bañares y Magán. Estes dous exemplares serán o inicio da gran biblioteca, que moitos anos despois chegará aos vinte mil exemplares e que doará, en 1994, ao Museo do Pobo Galego.

En 1923, cando estaba estudando o bacharelato no Instituto Xeral e Técnico de Pontevedra, fundou, xunto con outros compañeiros de estudos, a Sociedade da Lingua.

Esta Sociedade tiña como obxectivo a defensa e espallamento do idioma galego e a confección dun dicionario. Un dicionario que nunca chegou a publicarse a pesar da gran cantidade de fichas e anotacións realizadas polo propio Antonio.



«COMPENDIO DE GEOGRAFÍA GENERAL Y DE EUROPA» FOI UN DOS PRIMEIROS LIBROS DA SÚA BIBLIOTECA PERSOAL.



FONDO MUSEO DO POBO GALEGO

ANTONIO CON ALUMNOS DO INSTITUTO XERAL E TÉCNICO DE PONTEVEDRA NO ANO 1922.



Ao rematar os estudos de bacharelato en Pontevedra trasladouse a Santiago para comezar a carreira de Filosofía e Letras.

Nesta cidade entrou en contacto cos compoñentes do Seminario de Estudos Galegos, un grupo creado en 1923, un ano antes da súa chegada a Santiago, por intelectuais galeguistas para o estudo e divulgación do noso patrimonio cultural e para formar investigadores.

A Sociedade da Lingua, da que Fraguas fora cofundador, dissolveuse no Seminario e os seus membros pasaron a formar parte deste.

No Seminario de Estudos Galegos entra en contacto coas figuras máis senlleiras da nosa cultura: Castelao, do que fora alumno no instituto de Pontevedra, Xaquín Lorenzo, «Xocas», ao que coñecía de ter traballado anteriormente con el, Filgueira Valverde, Otero Pedrayo, Carballo Calero, Vicente Risco...

Tamén, durante a súa estadía en Compostela, entrou a formar parte das Irmandades da Fala.



EN «EL PUEBLO GALLEGO» PUBLICOU O SEU PRIMEIRO ARTIGO XORNALÍSTICO ADICADO Á «DRUIDESA», UNHA ESCULTURA DE UXÍO SOUTO.

FONDO MUSEO DO POBO GALEGO



IV XUNTANZA DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS, EN PONTEVEDRA, EN 1928: OTERO PEDRAYO, CUEVILLAS, PARGA PONDAL, FILGUEIRA, LOSADA DIÉGUEZ, FRAGUAS, RISCO, CARBALLO CALERO...

O TRABALLO NO SEMINARIO



A actividade de Fraguas no Seminario de Estudos Galegos é intensa e coincide coa súa licenciatura en Filosofía e Letras pola universidade compostelá e o seu traballo como profesor auxiliar de Xeografía e Historia na mesma facultade.

Traballa nas seccións de Xeografía, Etnografía e Folclore do Seminario e, baixo a dirección de Otero Pedrayo, redacta *As Rías* e *As terras de media montaña de Cotobade*, dous traballos que nunca se chegaron a publicar.

As investigacións arqueolóxicas son outro campo ao que dedica o seu traballo que ten como resultado a publicación da obra conxunta *Terra de Melide*, editada, por vez primeira, en 1933.

Tamén comeza a publicar no xornal *A Nosa Terra* e na revista *Nós*, así como a dar conferencias e intervir en Radio Galicia cando tiña os estudos no Mosteiro de San Domingos de Bonaval. Estas intervencións foron realizadas en galego, toda unha novidade naquel ano de 1932.

Despois da Facultade de Xeografía e Historia pasou a traballar como catedrático no Instituto Elemental da Estrada e participar na actividade política facendo a campaña do plebiscito do Estatuto de Autonomía, en 1936.

Ao comezo da Guerra Civil foi suspendido de emprego e soldo e separado da docencia por mor das súas ideas galeguistas.



FRAGUAS PARTICIPOU NA PUBLICACIÓN DE *TERRA DE MELIDE*, EDITADA, POR VEZ PRIMEIRA, EN XUÑO DE 1933.



A CAMPAÑA SOBRE O PLESBICITO DE AUTONOMÍA GALEGO, EN 1936, MOBILIZOU A MOITOS INTELECTUAIS GALEGOS.

A GUERRA CIVIL



O seu primeiro destino como profesor de instituto foi A Estrada, no ano 1933.

Nesta vila recolleu datos sobre a súa etnografía e o folclore e catalogou e realizou pequenas excavacións nos seus castros.

Participou activamente na política local, afiliado ao Partido Galeguista e chegou a dar mitíns a prol do Estatuto de Galicia na compañía de Castelao e Otero Pedrayo. Foi tamén candidato á alcaldía da Estrada nas eleccións de principios de 1936.

O inicio da Guerra Civil, en xullo de 1936, supón a clausura do Seminario de Estudos Galegos, as represalias contra os seus membros e a incautación da súa biblioteca particular.

Antonio Fraguas foi obrigado a deixar o seu posto de traballo como profesor de instituto, de modo que se decidiu a abrir unha academia, a Menéndez y Pelayo, en plena zona vella de Santiago de Compostela. Este centro escolar permanecerá aberto ata 1950, ano no que Fraguas aproba unha nova oposición e é destinado ao Instituto Masculino de Lugo.

«Os que estamos vivos, verdade, estámolo, eu asegúroo sempre, por un verdadeiro milagre. Eu fun un dos que saíron nas citacións do periódico, no Faro de Vigo: Antonio Fraguas Fraguas se presentará en el juzgado militar de Pontevedra...»



COA SÚA ESPOSA, TERESA, COA QUE CASARA EN 1932, A SÚA CUÑADA E SOBRÍÑAS.

FONDO MUSEO DO POBO GALEGO



FRAGUAS CON ALUMNOS DA ACADEMIA PRIVADA «MENÉNDEZ Y PELAYO», EN 1948.

FONDO MUSEO DO POBO GALEGO

O INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO



En 1943, catro anos despois de rematada a Guerra Civil, créase o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e tentou imitar os obxectivos que tiña o clausurado Seminario de Estudos Galegos, pero moitos dos intelectuais e investigadores deste estaban mortos, na cadea, represaliados ou no exilio.

Fraguas, co seu afán investigador, solicita o ingreso no novo organismo e despois de moitos atrancos polo seu pasado político é admitido na sección de Etnografía e Folclore e nomeado bibliotecario e secretario.

As condicións de traballo do Instituto Padre Sarmiento non son as mesmas que as do Instituto de Estudos Galegos e Fraguas pasa a publicar, maioritariamente, en castelán.

As súas actividades como investigador seguen sendo enormes e publica *Contribución al estudio de la Navidad en Galicia: Nadales, Aninovos, Xaneiras y Reyes; Fiestas populares de Galicia: Fiadeiros, Colaboradores Gallegos de Madoz.*



FONDO MUSEO DO POBO GALEGO

FRAGUAS, Á ESQUERDA, CON OTERO PEDRAYO E XOSÉ MOSQUERA, NA PRAZA DO TOURAL, DE SANTIAGO, NOS ANOS 50.



LOGOTIPO DO INSTITUTO DE ESTUDOS GALEGOS PADRE SARMIENTO.



A principios de 1951 foi elixido académico de número da Real Academia Galega, para ocupar a vacante deixada por Alfonso R. Castelao.

A proposta para o seu nomeamento fixérona Portela Pazos, Otero Pedrayo e Luís Iglesias e o seu discurso de ingreso demorouse ata o 8 de maio de 1956.

Este discurso que non tiña título, aínda que Alonso Montero, nunha publicación posterior, ponlle o de «Coplas cantadas nas ruadas de Loureiro de Cotojade», foi contestado por Otero Pedrayo.


A cerimonia de ingreso realizouse nas dependencias da Real Academia Galega, daquela situadas en locais do Concello da Coruña, e nun ambiente discreto a petición do mesmo Fraguas. A causa desta petición sería a de evitar problemas coas autoridades que vían nel a un galeguista contrario ao réxime franquista.

Pero en declaracións realizadas anos despois, explicaría os motivos que o levaron a tomar esta decisión.

«Cando se celebrou a miña entrada na Academia eu non quixen que fose solemne. Eu substituí a Castelao dicindo que non o debera substituír, nin eu nin ninguén, ata que viñese unha persoa tal, que fose como Castelao. Sigo coa mesma opinión. Hai persoas que foron únicas. E se non hai outro que o iguale, e eu non o igualaba, nin con moito».



A CADEIRA DA REAL ACADEMIA GALEGA QUE DEIXARA VACANTE, Á SÚA MORTE, ALFONSO D. R. CASTELAO FOI OCUPADA POR ANTONIO FRAGUAS, O 8 DE MAIO DE 1956.



O DISCURSO DE INGRESO DE FRAGUAS NA RAG ESTABA CENTRADO NA LITERATURA POPULAR DE TRADICIÓN ORAL E USABA CANTIGAS DO SEU COTOBADE NATAL.

DE LUGO A COMPOSTELA



FONDO MUSEO DO POBO GALEGO

Nos nove anos nos que estivo destinado no Instituto Masculino de Lugo Antonio Fraguas compaxinou perfectamente a súa actividade docente coa investigadora.

Colabora en revistas e boletíns, nomeadamente galegos, con artigos relacionados coa historia, etnografía e folclore do noso país: «Farsas de Carnaval en Touro», «Dona Emilia Pardo Bazán», «Geografía de Galicia», «Apuntes sobre mámoas lucenses», «La farsa de Casadenaia. Antas de Ulla», «Los colegiales de Fonseca»...

Durante a súa estadía en Lugo asiste ao faladoiro da cafetería Méndez Núñez, onde se dan cita intelectuais para dialogar sobre temas culturais ou políticos, aglutinados ao redor da figura de Luís Pimentel e colleu a remuda á súa morte o escritor, filósofo e ensaísta Celestino Fernández de la Vega. Neste faladoiro, ademais de Fraguas, asistían, entre outros, Ánxel Fole, Luís Pimentel, Carballo Calero, o pintor Tino Grandío, o escritor e pintor Ánxel Xohán, Manuel María...

En 1959 a Antonio concedeúselle o traslado para o instituto feminino de ensino medio Rosalía de Castro de Santiago de Compostela no que exercerá a docencia e a xefatura de estudos e sacará tempo para a colaboración en diferentes entidades compostelás.

No instituto Rosalía de Castro estará ata a súa xubilación, en 1975.



FRAGUAS (á dereita) CON ROBUSTIANO FERNÁNDEZ COCHÓN, TANO, ARQUITECTO E MEMBRO DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS.



NO INSTITUTO FEMININO DE ENSINO MEDIO «ROSALÍA DE CASTRO» DE SANTIAGO REMATOU FRAGUAS A SÚA CARREIRA DOCENTE, XUBILÁNDOSE EN 1975.

O MUSEO DO POBO GALEGO



O Museo do Pobo Galego inaugurouse a finais de outubro do ano 1977 no mosteiro de San Domingos de Bonaval, en Santiago de Compostela.

O seu primeiro director foi Antonio Fraguas, elixido uns meses antes polo Padroado do Museo que estaba presidido polo seu amigo e antigo membro do Seminario de Estudos Galegos, Xaquín Lorenzo, Xocas. Durante o seu mandato restaurouse o mosteiro e montáronse diferentes salas dedicadas os traballos do mar, do campo, ós oficios... e púxose a andar a biblioteca, con fondos que tiña o Museo Provincial de Santiago e achegas de Xocas, Taboada Chivite e o propio Fraguas.

Neste período a Xunta de Galicia concédelle a medalla Castelao, que recoñece o seu traballo cultural e científico a prol da cultura galega, o Pedrón de Ouro, o premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo, a Medalla de Ouro ao Mérito cidadán e Cultural do concello de Santiago, o Premio Anual de Investigación da Xunta de Galicia...

Á morte de Xaquín Lorenzo, en 1989, noméano Presidente do Padroado do Museo, cargo que simultanea coa súa dirección.



NA INAUGURACIÓN DO MUSEO DO POBO GALEGO.

FONDO MUSEO DO POBO GALEGO



O Consello da Xunta de Galicia nomeou en 1992 a Fraguas como cronista xeral de Galicia. Tiña oitenta e sete anos.

Era un recoñecemento ao traballo desenvolvido ao longo da súa vida para o coñecemento das tradicións, da historia, da xeografía... do noso país.

Este mesmo ano recibiu o Premio Ramón Otero Pedrayo concedido polas catro Deputacións provinciais tamén como recoñecemento á súa traxectoria por contribuír ao fomento da cultura galega.

A cesión da súa biblioteca particular, composta por máis de 20.000 volumes, ao Museo do Pobo Galego realizouse no ano 1994 e foi o broche de ouro a unha colección comezada setenta e cinco anos antes coa adquisición dos dous primeiros libros sobre a xeografía de España e Europa.


O 5 de novembro de 1999 faleceu na cidade de Santiago de Compostela aos 93 anos e foi soterrado no cemiterio compostelán de Boisaca.

«Esta foille a miña vida. Non me metín nunca con ninguén. Non teño reserva contra ninguén. Xa algúns fixeron trangalladas contra min. Ben. Se estou vivo para contalo, pois que me importa a min que me fixesen unhas trangalladas».



FONDO MUSEO DO POBO GALEGO

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS (sentado, terceiro pola dereita) NA REAL ACADEMIA GALEGA.



A PRAZA MAIOR

Na reunión de 29 de abril de 1871 acordouse adquirir en Londres o reloxo destinado ao servizo do pobo. As campás foron fundidas por Antonio Blanco y Varela, campaneiro de Mondoñedo e no importe inclúense os badalos, por se convén tocar a lume dende a casa consistorial.

O 18 de agosto de 1871, colocadas nun lugar provisional, fíxose a «proba de toque», e comprobouse que non tiñan defecto ningún.

O reloxo fora fabricado para a catedral de Málaga e sería «imposible facer un reloxo de torre máis perfeccionado xa que nel se introduciron todas as melloras recentes polo que non pode deixar de andar con perfecta exactitude».

Antonio Fraguas Fraguas



O TRAXE GALEGO



O TRAXE FEMININO: AS MEDIAS

As medias eran de uso xeral e facíanse de liño, escollendo sempre o máis branco, e de la para as épocas de frío principalmente na Galicia montañosa. Fabricábanse en moitos sitios pero tiñan sona as de Mondoñedo, Santiago, Padrón e Lugo.

As medias mellores eran as chamadas calcetas, porque eran as que cubrían o pé e a perna e había persoas especializadas na súa elaboración que se chamaban calceteiras que facían, ademais das medias cumpridas, faixas, gorros e puchos para nenos e maiores.

En certos lugares e días de moito frío as mulleres podían levar dous pares de medias e nos cantigueiros populares facíase por esa razón un intento de explicar de modo diferente ao do frío.

*As nenas de Vilanova,
levan dous pares de medias,
para que digan os mozos:
que gordas teñen as pernas!*

Antonio Fraguas Fraguas



ALFONSO D. R. CASTELAO



BAILES DE TRANCA

Eran chamados deste xeito os bailes que se celebraban en lugares cerrados aos que se accedía pagando previamente unha entrada. Reciben este nome en oposición a bailes de sociedade e bailes de casino. Había polo tanto catro tipos de divertimento con baile; a mocidade acudía á festa onde o motivo era bailar e entablar conversación.


A alta sociedade celebraba xuntanzas nos casinos ou nas sociedades recreativas que tiñan sala de xogos, sala de prensa, etc. Os bailes eran de acordeón, frauta ou gaitero de pago.

A cantiga en Pontevedra fala do que había en Campolongo:

*E vai bailar,
e vai bailar
a Campolongo
e vai bailar
e vai bailar
e vente pronto.*

No cantigueiro da Ría de Arousa recollido por Bouza Brey dise ben claro:

*A este baile de Perico
non queremos ir bailar
porque esa cara de mona
hastra non sabe tocar.*



Antonio Fraguas Fraguas

AS DATAS DE FRAGUAS



1905

Nace no lugar de Insuela, na parroquia de Loureiro, concello de Cotobade, en Pontevedra, o 28 de decembro.

1919

Trasládase a Pontevedra para estudar no Instituto Xeral e Técnico.



FONDO MUSEO DO POBO GALEGO

ANTONIO FRAGUAS NUNHA FOTO FAMILIAR COA SÚA NAI, O SEU TÍO E AS SÚAS TÍAS.

1923

Funda, con outros amigos, a Sociedade da Lingua para a defensa do noso idioma.

1924

Matricúlase na Universidade compostelá, na carreira de Filosofía e Letras.

1928

É admitido como membro do Seminario de Estudos Galegos nas seccións de Xeografía, Prehistoria, Etnografía e Folclore.

1929

Traballa na Universidade compostelá dando clases como profesor auxiliar de Xeografía e Historia na Facultade de Filosofía e Letras.



FONDO MUSEO DO POBO GALEGO

NO INSTITUTO XERAL E TÉCNICO DE PONTEVEDRA.

1932

Casa en Valga, Pontevedra, o 16 de xullo, con Teresa Martínez.

1933

Dá clases no instituto da Estrada.

1936

Publica o xornal *La Voz de Coto-*
bad.

Césano, como represalia pola súa actividade política no Partido Galeguista, do seu traballo como profesor de instituto.

1950

Aproba de novo as oposicións a Ensino Secundario e é nomeado catedrático de Xeografía e Historia no Instituto Nacional Masculino de Lugo.

1951

A principios de ano foi elixido académico de número da Real Academia Galega.

1955

Traballa na biblioteca da Sociedade de Amigos do País, en Santiago.

1956

Ingresa na Real Academia Galega, ocupando a cadeira que deixara vacante Castelao á súa morte. O seu discurso de ingreso trata sobre as coplas cantadas de Loureiro de Cotobade e é respondido por Otero Pedrayo.



ANTONIO COA SÚA MULLER, TERESA MARTÍNEZ, A SÚA CUÑADA E SOBRÍÑAS.

FONDO MUSEO DO POBO GALEGO



FRAGUAS, (primeiro pola esquerda) COS SEUS COMPAÑEIROS DO INSTITUTO DA ESTRADA.

FONDO MUSEO DO POBO GALEGO

1959

Pide o traslado ao Instituto de Ensino Medio Rosalía de Castro de Santiago.

1963

Accede á dirección do Museo Municipal de Santiago, que pasará a ser denominado, uns anos despois, Museo do Pobo Galego.

1983

Coordina a Sección de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega.

1992

O Consello da Xunta de Galicia noméao cronista oficial de Galicia.



FONDO MUSEO DO POBO GALEGO

CO ARCEBISPO DE SANTIAGO,
FERNANDO QUIROGA PALACIOS.

1994

Cede a súa biblioteca particular, de máis de 20.000 volumes, ao Museo do Pobo Galego.

1997

Exerce durante uns meses a presidencia en funcións da Real Academia Galega.

1999

Falece en Santiago de Compostela, un 5 de novembro, aos 93 anos de idade e é soterrado no cemiterio compostelán de Boisaca.



FONDO MUSEO DO POBO GALEGO

A CAPELA ARDENTE DE ANTONIO FRAGUAS COLOCOUSE NO
AUDITORIO DO MUSEO DO POBO GALEGO.



1930

Mámoas do Sabiñao. A anta de Abuime e a necrópole do Monte da Mora

1931

Do Folklore de Armeses-Listanco

O culto ós mortos

1932

A lenda da fonte Pormás

1944

Juegos infantiles de Loureiro de Cotobad

1946

Máscaras y sermones de carnaval en Cotobad

Dous romances de Galicia

Una página de la vida académica del Dr. Fontán

Notas de azabachería compostelana

El lobo en las tierras de Cotobad

1947

El Garotíño

Contribución al estudio de la navidad en Galicia: Nadales, Aninovos, Xaneiras y Reyes

1948

Notas del Folklore de boda

Contribución al estudio del columpio en Galicia

1949

Fiestas populares de Galicia: Fiadeiros

1950

Colaboradores gallegos de Madoz

Pastor Díaz en el Colegio Fonseca

1951

La iglesia de Santa María de Xanza



Farsas del Carnaval en Touro (Coruña)

Doña Emilia Pardo Bazán (En el centenario de su nacimiento)

El título del Bachiller Pedro de Victoria, primer Catedralicio del Estudio

1952

Aportación al estudio de la dote



1953

Geografía de Galicia

Una impresión del viaje de los Reyes Católicos a Galicia

Apuntes sobre mámoas lucenses

Notas sobre el fuego en Galicia. La Farsa de Dulcinea o la Quema de la Pascua

Grupo dolménico de Monte Ortegoso

Petroglifos del Monte Pedreira en Carballedo (Pontevedra)

Los castros de la tierra de Saviñao

1956

Historia del Colegio de Fonseca

Don Gumersindo Laverde Ruiz, catedrático del Instituto de Lugo

Apuntes para la historia de Primera Enseñanza en el Valle de Quiroga (Lugo)

La farsa de Casadenaia (Antas de Ulla)

1957

Aportación al estudio folklórico del castaño, la castaña y el magosto

El funeral por Carlos II en la ciudad de Lugo

1958

Los colegiales de Fonseca

1959

Santiago de Compostela

1960

Apuntes sobre la iglesia de Santiago de Loureiro

Notas en torno al maíz

La antigua casa de la Carnicería en Santiago

La Virgen en el Cancionero popular gallego

1961

Restos dolménicos próximos a la ciudad de Lugo

Homenaje al profesor Cayetano de Mergelina

Notas sobre el recibimiento del Arzobispo don Maximiliano de Austria

1962

Castros de la comarca lucense

1963


Aportación al estudio del Teatro Popular en Galicia. La farsa de Ribadulla

Tres temas relacionados con Santiago en el Congreso Etnográfico de Santo Tirso (Portugal)

1965

Influencia de la emigración al Brasil en tierras de Galicia

Algunos dichos y creencias acerca de algunos animales



1966

El milagro del ahorcado

1968

Emplazamiento de Ferias en Galicia a fines del siglo XVIII

Emoción y recuerdo de la Ribera Sagrada

1969

Algunos seres fantásticos de nuestra tierra

Notas de artistas en tierras lucenses

1970

Don Paulino Pedret Casado

Textos y documentos: Santiago y su tierra en el Catastro del Marqués de la Ensenada

Miscelánea: Derecho de paso por el puente de Rábade

La Puerta Santa de la Catedral de Santiago

1971

Un silbato de piedra y otros objetos

1972

Notas del Padre Sarmiento

1973

Galicia insólita. Tradiciones gallegas

Galicia: Semblante de una tierra

1974

Lugo

1975

La Condesa de Pardo Bazán y el folklore

Castelao en Cotobade

Preocupación polo tempo e os astros na creencia popular

La vida colegial compostelana. Los hombres y las instituciones

La villa y la tierra de Padrón en el Catastro de Ensenada

1976

La Sociedad de «Amigos del Arte» de Santiago de Compostela. Apuntes para su historia


Literatura popular en torno al casamiento, embarazo y parto

Galicia. Esquema de historia incompleta

1978

Geografía de un lugar

Algunas creencias sobre el mar



1979

Murguía. O patriarca
Algunas cantigas del mar

1980

Literatura oral en Galicia

1983

El santuario de la Peregrina en Compostela
A Pena Cadeira e dúas pedras máis

1985

El traje gallego
Aportación ó cancionero de Cotobade

1986

Aquilino Iglesias Alvariño. Vida e obra

1987

Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago. Primera época
El culto a las Animas en Loureiro de Cotobade
Sinodales de Tui; notas antropológicas
Romarías e Santuarios

1989

Castelao e o Seminario de Estudos Galegos
Celso Emilio Ferreiro

1991

Galicia máxica

1992

Pasado, presente e futuro do castiñeiro
La antigua y la Nueva Galicia: Caminos del mundo
Carnaval e outras festas
Romarías e Santuarios

1993

Santiago de Compostela
La Puerta Santa de la catedral de Santiago

1994

Do Entroido, Museo do Pobo Galego

